



ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO PLENO CELEBRADO O PASADO DÍA 27 DE ABRIL

1.- Esta primeira pregunta vaise encadear cun posterior rogo que se fixo a colación da mesma. Trátase dunha cuestión medioambiental xurdida a consecuencia da influencia da gripe aviar e a cuestión en concreto refírese a si se ten adoptado algunha medida de prevención ou de especial vixilancia con relación ás aves que se atopan no entorno da Xunqueira, Río do Con e Fonte da Coca.

E o rogo que ao respecto se fai é o seguinte: Neste nivel hai que distinguir as zonas de risco como foi declarado o complexo intermareal do Umia-Grove-Carreirón das zonas de especial vixilancia entre as que se atoparía Vilagarcía polo que sería necesario que tamén se adoptaran medidas de pedagogía xa que do mesmo xeito que se lle recomendou aos particulares a adopción de determinados mecanismos de prevención sería bo que por parte do Concello tamén se fixera como o illamento de comedeiros e bebedeiros para non compartilos coas aves migratorias e diminuír así a posibilidade de contaxio.

2.- Outra das preguntas formuladas foi referida a si por parte do Goberno Local se tiña algún tipo de información sobre os verquidos que novamente se volveron a producir onte sobre o Porto de Vilaxoán.

3.- Por último, preguntouse acerca do importante retraso que leva o tema da inauguración do Museo do Tren pois segundo o Sr. Alcalde ía ter lugar no mes de abril o cal xa está practicamente rematado.

Vilagarcía, a 28 de abril de 2006.